

Medea

PERSONAXES

MEDEA, filla de Eetes, rei da Cólquida; esposa de Xasón

AMA de Medea

CREONTE, rei de Corinto

XASÓN de Iolcos, líder da expedición dos argonautas

DOUS FILLOS de Medea e Xasón (personaxes mudas)

MENSAXEIRO

CORO DE CORINTIOS, favorábeis a Xasón e contrarios a Medea

ESCENA

A obra ten lugar en Corinto.

ACTO I

MEDEA

MEDEA¹³: Deuses conxugais e ti, Lucina, do leito nupcial
gardía; e ti, mestra¹⁴ de Tífis¹⁵ en gobernar
a nova nave que había dobregar os mares;
e vós, cruel tirano¹⁶ do profundo pélagos, 5
Titán¹⁷ que espallas polo orbe o claro día,
Hécate¹⁸ triforme, que brindas aos misterios
propicio fulgor; e vós, deuses polos que Xasón
me xurou votos, e que Medea agora invoca
aínda con máis dereito: caos da noite eterna, 10
reinos rivais do ceo¹⁹, manes²⁰ sen piedade,
señor do sombrío reino e señora raptada
por alguén máis fiel²¹, invócovos agoirenta.

13 Tanto en *Medea* coma en *Fedra*, Séneca suprime o prólogo, introducíndonos dun modo chocante na acción.

14 Palas Atena.

15 Piloto da nave Argo. Dáselle particular relevancia xunto a Xasón, xefe da expedición.

16 Neptuno.

17 O Sol, fillo dos titáns Hiperión e Tea.

18 Divindade primitiva e trina, asociada a divindades dos tres reinos: a Lúa (o ceo), Diana (a terra) e Proserpina (os infernos).

19 Os reinos infernais, o Averno para os romanos.

20 Os espíritos dos mortos.

21 Plutón foi máis fiel despois de raptar a Proserpina do que Xasón foi con Medea.

Agora, vide xa, deusas vingadoras²² do crime,
 cos cabelos arrepiados de cóbregas,
 con teas negras nas cruentas mans; 15
 vide, arrepuñantes, tal coma outrora
 ás miñas vodas: dádelle á nova esposa²³
 morte, e mais ao sogro²⁴ e á estirpe real.
 E podería pedir algo peor para o meu home²⁵?
 Que viva, e vague por cidades remotas pobre, 20
 sen patria, medorento, detestado, sen fogar;
 que o preceda a fama ao chamar a casa allea;
 que devesa por min como esposa; e nada peor
 pedir podo: uns fillos espello do pai e espello
 da nai. Parida, parida está a vinganza: parina 25
 eu mesma²⁶. E estou a sementar laios en van?
 Non vou atacar o inimigo? Ripareille das mans
 os fachos e a luz do ceo. E ve isto o Sol²⁷, pai
 da miña estirpe? Vémolo sentado no carro
 facer o camiño de costume polo claro ceo? 30
 Como non torna ao orto a desfacer o día?
 Ea, dáme ser levada polo ar no carro paterno,
 confíame as rendas, meu pai, e con ardente
 brida concédeme guiar o flamante tiro:
 Corinto, cuxa dobre costa demoras nos custa²⁸, 35

22 As furias.

23 Creúsa.

24 Creonte.

25 Xasón.

26 Vid. introdución, II.4.1. para profundar en todas as implicación que ten o verbo *parir* nesta Medea senecana.

27 Medea era neta do Sol.

28 O istmo de Corinto, que separa o mar Xónico do Exeo e que obrigaba a rodear todo o Peloponeso para chegar á costa oposta. É o lugar onde se refuxaron Xasón e Medea logo de fuxir da Cólquida e escenario da acción trágica.

reunirá os dous mares pasto das lapas.
 Réstame só isto: levar eu mesma á voda
 o facho nupcial e, tras as preces sacrificiais,
 inmolar as vítimas sobre o altar consagrado.
 Busca nas propias vísceras a vía do castigo 40
 se aínda vives, miña alma, se algo che queda
 do antigo vigor. Bota os medos de muller
 e mete na cabeciña o inhospito Cáucaso.
 Todo crime²⁹ que vira o Fasis ou o Ponto³⁰
 hao ver o Istmo. Salvaxes, inéditos, horrendos, 45
 parello espanto para ceo e terra son os males
 que a miña mente matina: as feridas, a morte,
 o funeral ciscado por membros³¹ é o máis leve,
 o feito de moza; que xurda unha dor máis forte;
 logo de ser nai, cómprenme males maiores. 50
 Ármate de carraxe e apréstate para o peor
 con toda a furia. Nárrense parellos o repudio³²
 e a voda. De que xeito pensas deixar o teu home?
 Tal como fuches tras el³³. Rompe a apática espera.
 Un fogar creado co crime, co crime debes deixar. 55

CORO³⁴: *As vodas dos reis, con propicio favor,
 acudan os deuses que rexen ceo e mar*

29 *Nefas*, no orixinal, é un «crime» en canto que contrario á vontade ou leis divinas.

30 Río que atravesa a Cólquida, patria de Medea, e mar que baña as súas costas. O Ponto, *Pontus Euxinus*, é o actual mar Negro. O río e o mar serán citados para facer alusión á protagonista e tamén para aludir a pobos bárbaros e incivilizados. O Fasis cítase en *Fed.* 906.

31 Tantos funerais como membros dispersos. Referencia a Absirto, irmán de Medea, que foi despezado e botado ao mar por ela para deter a persecución do seu pai logo da fuxida con Xasón.

32 Usa o termo romano *repudium*, con todas as implicacións legais que tiña, sobre todo o referido aos fillos do matrimonio.

33 Isto é, matando.

34 Canta un epitalamio polas vodas de Xasón e Creúsa.

*na compañía do pobo en silencio ritual.
 Primeiro, un touro de branca pel brindé
 a ergueita cerviz aos señores do tronido³⁵; 60
 unha névea femia que xugo non tocasse
 compraza a Lucina, e a que refrea
 as mans sanguinarias do cruel Marte,
 a que dá acordos a pobos en discordia
 e garda a abundancia no seu rico corno³⁶, 65
 reciba por ser tan doce unha tenra vítima.
 E ti, que acodes aos esponsais lexítimos³⁷
 e disipas a noite con propicia destra,
 achégate lánguido con paso ebrio
 cinxindo a cabeza coa coroa de rosas. 70
 E ti, estrela que precede o día e a noite³⁸
 e saes sempre tarde para os amantes:
 reloucan as nais, reloucan as noivas
 por que espalles os raios o máis cedo.
 A beleza da noiva de lonxe 75
 vence as doncelas cecropias³⁹,
 e as que no cume do Taixeto
 adestra coma a mozos
 a cidade sen muros⁴⁰,
 as que as augas aonias 80
 e o sagrado Alfeo lavan.*

35 Xúpiter e Xuno.

36 Referencias á Paz, garante da abundancia.

37 O deus Himeneo. O coro dá a entender que a de Xasón e Medea non foi unha voda lexítima.

38 Héspero e Lucífero son a personificación dos luceiros da tarde e da mañá respectivamente, e, á súa vez, personificacións do mesmo planeta, Venus (cfr. *Fed.* 749 ss.).

39 Atenienses. De Cécrope, mítico primeiro rei de Atenas.

40 Esparta.

*Se competir en fermosura,
o xefe esonio⁴¹ non ha perder
contra o fillo do raio cruel
que pon xugo aos tigres⁴², 85
nin co que abala trípodes,
irmán da esgrevia virxe⁴³;
e perderán Cástor e o seu
Pólux, mellor como púxil.
Así, deuses, así volo rogamos, 90
venza esta esposa as esposas,
e o seu home avasale os homes.
Cando ela está no coro de mulleres,
só a súa face refulxe entre todas.
Así morre co sol a beleza das estrelas 95
e agóchase a mesta grea das Pléiades
cando Febe con alleo fulgor
pecha en círculo os seus cornos.
Así se arroiba a cor nivea tinxida
de tiria púrpura, así o pastor mira, 100
orballado, o nidio luceiro no abrente.
Ripado do tálamo do salvaxe Fasi⁴⁴,
afeito a tomar trémulo, remisa a man,
o corpo dunha esposa sen freo,
ditoso toma agora a noiva eolia⁴⁵, 105
noivo esta vez co favor dos sogros.
Trouleade, mozos, toca escarnio; trocade*

41 Xasón, fillo de Esón.

42 Baco, fillo de Sémele e Zeus, quen a fulminou co seu raio. No seu cortexo, Baco era levado por un carro tirado por tigres.

43 Apolo e Diana.

44 Do matrimonio con Medea, nada nas ribeiras do río Fasis.

45 Creúsa era de Corinto, disque fundada por Sísifo, fillo de Eolo. De aí «eolia».

*aquí e acolá, mozos, versos e chanzas:
 raro é o xusto desenfreo contra os amos.
 Nobre, radiante fillo do tirsíxero Lio⁴⁶,
 hora era de acender o piñeiro ben fendido⁴⁷.
 Aviva o lume ritual coa túa lánguida man.
 Espalle o procaz fescenino xocosas aldraxes⁴⁸.
 Déase a turba ao xogo, váiase na silandeira
 noite a que casar furtiva cun home de fóra⁴⁹.*

110

115

46 Himeneo. Lio, «o que afasta o pesar». Sobrenome de Dioniso, «o que porta o tirso». Vid. *Fed.* 753.

47 Fendido por varias partes, de xeito que arda mellor.

48 Ata aquí os elementos típicos dun epitalamio, ou canto de vodas: invocación aos deuses protectores do matrimonio e eloxio hiperbólico das virtudes dos noivos. Nos versos seguintes, unha descrición anacrónica de usos e costumes para celebrar o matrimonio romano. Os citados versos fesceninos están considerados como antecedente remoto da dramaturxia romana.

49 O coro termina cunha última referencia negativa contra Medea, que, en efecto, casou furtivamente cun home de fóra, Xasón.